



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

#súmate do sangue

Estimados veciños e veciñas:

Os hospitais precisan preto de **10.000 doazóns de sangue cada mes** para atender a todos os enfermos e diríxome a todos vos para que participedes nesta campaña solidaria.

Podes doar sangue se tes entre 18 e 65 anos e pesas máis de 50 quilos. Persoal sanitario revisará a túa saúde antes da doazón de sangue:

ABEGONDO

MÉRCORES 29 de AGOSTO

Unidade móbil diante do concello

16.00 a 21.00 horas

Non acudas sen almorzar e despois do xantar espera 2 horas. Non esquezas traer o DNI.
Informa ao médico da unidade móbil se estás a tomar algún medicamento.

Máis información <http://ados.sergas.es>

Twitter: @doadoressangue Facebook: <https://www.facebook.com/doadoressangue>

Abegondo acadou unha taxa de **19 doazóns por cada 1.000 habitantes** en 2017, o obxectivo é incrementar a participación para chegar as cifras que recomenda a Organización Mundial da Saúde (40 a 60 doazóns por 1.000 habitantes).

Queremos facer un agradecemento especial as persoas que participan cada ano nas campañas de doazón de sangue. Grazas a este xesto solidario, os hospitais atenden aos enfermos de cancro e leucemia e levan a cabo cada día unha media de 2.700 urxencias, 500 intervencións cirúrxicas e 3 transplantes de órganos e tecidos.

Neste verán os enfermos non toman vacacións e moitas persoas dependen da nosa solidariedade para recuperar a saúde. Grazas pola vosa colaboración.

José Antonio Santiso Miramontes
Alcalde de Abegondo